

Protagonista

María Pilar García Negro
Ensaísta, profesora e activista política

«Xa din clases en galego no Seminario en 1975»

Pilar García Negro recibirá mañá na súa cidade a homenaxe da Asociación de Escritores en Lingua Galega

SUSO VARELA
LUGO / LA VOZ

María Pilar García Negro é unha muller de convicións claras, pero por enriba de todas está a de amor á lingua galega. Demostrou ao longo da súa traxectoria profesional e mañá vanllo recoñecer en Lugo, a súa cidade. A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega faralle entrega do premio *A escritora na súa terra-Letra E*.

—**¿Está ilusionada coa homenaxe?**

—Sobre todo o que estou é agradecida, porque calquera premio depende da xenerosidade de quen o conceda, e neste caso hai sobrados autores galegos e galegas que merecen máis o premio.

—**Pero que sexa en Lugo e cerca de onde viviu e se criou terá un valor especial.**

—É algo moi emotivo. Cando me preguntaron onde e que lugar quería escoller tiven claro que Lugo e en concreto a Praza de Ferrol-San Fernando. Aquí vivín os anos onde se sentaron as bases do que fun despois na vida. Vivín na Rúa Amor Meilán, fun ao colexio da Milagrosa, tiña a Biblioteca Provincial en San Marcos...

—**¿De quen e de que se acordará mañá no seu discurso?**

—Farei unha pequena viaxe de memoria pola infancia. Lembrairei o comercio que tiña meu pai, Calzados Ciudadela, na Rúa Doutor Castro, que era como un refuxio ou unha parada obrigada polas tardes cando xogaba coas amigas, e iamós ao Parque Rosalía, ou a nadar ao Club Fluvial. Por certo, anos despois chorei cando souben que as augas do Miño xa non eran aptas para o baño. Dicia Carvalho Calero, que foi profesor meu, nun verso os anos 30 que o Miño era «o presidente dos ríos galegos».

—**Tamén foi en Lugo onde comezou a súa carreira docente e xa tivo claro que ía empregar**



Pregoeira do San Froilán no 2012. Pilar García Negro regresará mañá á Casa Consistorial, onde hai cinco anos tivo a ocasión «de vivir un acto único», o de pronunciar o pregón das festas patronais da súa cidade, «a cita do ano máis apetecible e da que teño moita saudade». ÓSCAR CELA

o galego nas aulas.

—Si, foi en outono de 1975, no Seminario Diocesano de Lugo. Impartía clases de Francés a alumnos de oitavo de EXB, 96 rapaces en tres grupos. E esta experiencia marcouse, porque foi o compromiso cos alumnos e os bos resultados os que determinaron a miña conduta lingüística e monolingüe do futuro.

—**¿E como foi a experiencia de empregar o galego no Seminario?**

—Foi todo unha novidade, xa de entrada porque entramos cinco profesoras novas. A primeira semana os rapaces estaban calados e asombrados. Tiña que provocalos para que se incorporasen ás clases. E na segunda semana xa foi todo o contrario, cun balbardo total. Viron que «esta é unha coma nós» e tiven que impoñer a autoridade (risas). Pero lembro a resposta que deu un alumno ao final do curso nunha enquisa que

Nacemento. En Lugo, o 9 de outono de 1953.

Formación. Colexio da Milagrosa, Feminino, Licenciada pola USC en Filosofía e Letras i en Filoloxía Galego-Portuguesa.

Docencia. No Seminario de Lugo, nos institutos Eusebio da Guarda e da Sardiñeira da Coruña e desde 1991 na Universidade da Coruña.

Política. Deputada do BNG entre 1989 e 2003.

Obras. Libros sobre autores galegos, especialmente estudos sobre Rosalía, ademais de obras sobre os problemas do galego.

O último, «Himno Galego: unha historia parlamentaria (inconclusa)».

lles pasei e que me quedou marcada: «A miña profesora gústame porque fala coma nós».

—**Cando se fala da súa figura**

sempre é para lembrar os seus libros ou a súa actividade política, pero esquécese a docente. Tería para facer un bo libro.

—Daría para unhas memorias de experiencia de mudanzas de todo tipo. A mágoa é que tras máis de 40 anos de docencia podo dicir que non estamos mellor, por non dicir que peor. O maltrato oficial ao galego no ensino é alarmante. E desde o punto de vista do docente, estou de acordo co que di un psicoanalista italiano de que hai países que son sindicalistas dos seus fillos. Tamén hei de dicir que a docencia é unha profesión de vocación e hai profesores aos que non lles gusta o seu traballo. Só podes contaxiar paixón, entusiasmo e cariño pola materia que impartes se a sentes e tes vontade de aumentar o teu coñecemento.

—**Mañá vanlle dar un premio a unha muller, que ademais é**

ensaísta e ademais activista política.

—Nunca considere a cultura ou a literatura e a política como compartimentos estancos, senón vasos comunicantes que se abrazan en beneficio de ambas. No traballo que fixen como deputada seguí esta liña e confío en que sexa retomada cando sexamos unha nación, aínda que no seu momento a resposta inmediata era negativa.

—**¿É frustrante defender propostas nun Parlamento e ver que nunca saen adiante?**

—Si que é frustrante, porque defendes unha causa que non é individual, comprobas que hai cousas factibles mesmo dentro do Estatuto, pero que desprecaban porque viña de onde viña. Pero agora ves que hai colectivos e grupos, por exemplo en Lugo hai varios, que defenden cousas que nós falábamós hai anos.

—**E xa na faceta literaria, ¿que ten Lugo e os seus concellos para que aportase tanto e variado talento ás letras galegas?**

—Penso que é unha crenza da galegitude moi ben servida. Se queremos expresalo en termos míticos e máxicos (ri), a Muralha potencia o legado e o Miño aporta maxestuosidade e forza. Se o facemos algo máis realista, Lugo é un dos núcleos máis activos da conciencia do país, na política, nas artes, na literatura. O vindeiro ano, en novembro, cumpriranse en Lugo os cen anos da primeira Asemblea Nacionalista.

—**¿Que lle queda a Pilar García Negro por facer e que lle gustaría haber feito pero non puido?**

—Gustaríame facer unha historia crítica da literatura galega, pero iso requiriría dunha equipa e necesitaría dunha actualización. Agora teño tres proxectos de futuras obras, dúas sobre literatura e unha sobre lingua, que me van a ocupar moito tempo e coas que estou ilusionada.

Os actos da homenaxe arrincan ás 11.30 horas na Praza de Ferrol

Os actos de homenaxe a Pilar García Negro comezarán mañá ás once e media na Praza de Ferrol onde se ten previsto descubrir unha escultura conmemorativa e a plantación dun magnolio. Logo, ás 12.30 horas, no salón de plenos do Concello será entrega da Letra E que outorga a asociación de escritores. A peza escultórica é da artista lucense Mónica Alonso. Para rematar, haberá un xantar de confraternidade ás 14.30 horas no Torre de Núñez.

Este ano cúmprense 23 edicións deste premio, que recibiron outros ilustres lucenses, como Manuel María (1997), Uxío Novoneyra (póstumo, 2000), Luz Pozo Garza (2001), Xosé Chao Rego (2002), Manuel Lourenzo (2007), Agustín Fernández Paz (2009), Paco Martín (2011), Marica Campo (2013), Xabier P. Docampo (2014) ou Helena Villar Janeiro (2016). Pilar García Negro será a primeira ensaísta que recibe este galardón.